

Nome _____ Data _____

NO COLECTOR AMARELO DEPOSITA:**PLÁSTICO****LATAS****BRIKS****VIDRO NON****CARTÓN NON****ROUPA NON**

SEPARA BEN. Todos os envases de plástico, as latas e os briks que utilizas poden reciclarse se os depositas no colector amarelo. Se os mesturas con outros residuos, botas a perder o esforzo de todos.

REUTILIZA. Estás seguro de que te queres desfacer de todos os envases? Algúns poden ter unha segunda vida se lles dás outro uso.

E LEMBRA que tamén hai colectores azuis para o papel e o cartón, colectores verdes para o vidro e colectores especiais para a roupa.

1 Risca en cada caso a opción incorrecta.

- Este cartel pretende:
Explicar o que vai no colector amarelo. Indicar onde está o colector amarelo.
- Para poder reciclar os envases hai que:
Mesturalos con outros residuos. Separalos e depositalos no colector amarelo.
- Podemos reutilizar os envases:
Se nos desfacemos deles. Se lles damos outro uso.

2 Arrodea o que pode ir ao colector amarelo e risca o que non pode ir.



3 Pinta cada colector da cor axeitada.



papel e cartón



vidro



envases

4 Risca en cada caso a palabra que non pertence á mesma familia ca as outras.



envase • envasar • envasadora • envasado • enviar



papel • papeleira • empapelar • emparellar • papelaría



bolsa • bolsiña • boletín • embolsar • bolso



vidro • vidreira • vide • vidrado • vidroso

5 Pensa e escribe ideas para reutilizar algúns obxectos.

- Utilizar os vasos de iogur para _____
- Utilizar as caixas de zapatos para _____
- Utilizar os botes de marmelada para _____
- Utilizar as bolsas da compra para _____